

BAUTISMO DO SEÑOR (C)

PRIMEIRA LECTURA *Is 42, 1-4. 6-7*

Lectura do profeta Isaías

Isto di o Señor: Velaí o meu servo, a quen teño collido da man; velaí o meu escollido no que eu me comprazo. Teño posto sobre el o meu espírito: dictaralles sentencia xusta ás nacións. Non berrará, non levantará a súa voz nin a fará oír nas rúas. Canivela fendida non a romperá, e torcida esmorecente non a apagará. Con fidelidade proclamará a xustiza, non desfalecerá nin crebará ata establecer na terra a xustiza, e a súa lei, que esperan as nacións.

Eu, o Señor, chameite por causa da xustiza, collinte pola man e protexinte, e convertinte en Alianza dun pobo e en luz das nacións, para que lles abra-los ollos ós cegos, para que libres do cárcere ós presos, da prisión ós que viven na escuridade.

SALMO RESPONSORIAL *Sal 28, 1a e 2. 3ac-4. 3b e 9b-10*

R/. (11b): **O Señor ha bendici-lo seu pobo coa paz.**

Tributádelle ó Señor, fillos de Deus,
tributádelle ó Señor gloria do seu nome,
adorade o Señor no seu atrio sagrado.

A voz do Señor sobre as augas,
o Señor sobre as augas copiosas.
A voz do Señor é poderosa,
a voz do Señor é maxestosa.

O Deus glorioso fai tronar.
No seu santuario todo di: ¡Gloria!
O Señor sentou sobre as augas,
o Señor senta como rei eterno.

SEGUNDA LECTURA Feit 10, 34-38

Lectura do libro dos feitos dos Apóstolos

Naqueles días, tomou Pedro a palabra e dixo: - Abofé, vexo que Deus non fai distinción de persoas, senón que acepta a quen lle é fiel e practica a xustiza, sexa da nación que sexa. El mandoulle-la súa palabra ós fillos de Israel, anunciándolle-la Boa Nova da paz por Xesús Cristo: este é o Señor de todos.

Vós sabéde-lo que pasou en toda a Xudea, comezando desde Galilea, despois do bautismo que Xoán predicou: como Deus unxiu con Espírito Santo e con poder a Xesús de Nazaret, que pasou facendo o ben e curando a tódolos que estaban asoballados por Satán; pois Deus estaba con el.

EVANXEO Lc 3, 15-16. 21-22

Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, como o pobo estaba esperando polo Mesías, empezaba a pensar se acaso non o sería Xoán; pero el declarou diante de todos: -Eu bautízovos con auga, pero está a chegar o que é máis forte ca min, e a quen eu non son digno de lle desatalos amallós do seu calzado. El havos bautizar con Espírito Santo e con lume.

Durante un bautismo xeral, e despois de se bautizar tamén Xesús, mentres oraba, abriuse o ceo e baixou sobre el o Espírito Santo na aparencia corporal dunha pomba. Entón oíuse unha voz desde o ceo: -Ti e-lo meu fillo benquerido, o meu predilecto; en ti me comprazo.